



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 24 de xullo de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 24 DE XULLO DE 2025.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2025, do 27 de xuño.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xuño ao 20 de xullo de 2025.

Secretaría Xeral

3. Renuncia de don José Manuel López Varela á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Juan Carlos García Pose.
4. Renuncia de dona María del Mar Méndez Vilela á súa condición de deputada provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Juan Domingo de Deus Fonticoba.
5. Renuncia de don Fernando Pérez Fernández á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de dona María Yolanda Valiño Pena.
6. Renuncia de dona María Jesús Novo Gómez á súa condición de deputada provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Ovidio Rodeiro Tato.
7. Renuncia de don Carlos Martínez Carrillo á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Eduardo Antonio Pereiro Liñares.
8. Renuncia de don Roberto Rey Martínez á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Rubén Suárez Carballo.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

9. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o programa de actividades do ano 2025.

Comisión de Deporte

10. Aprobación da modificación do prazo de vixencia do convenio da subvención nominativa ao Concello de Santa Comba para cofinanciar a realización da obra de mellora das instalacións deportivas na parroquia de Ser condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade



Orzamentaria.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

11. Aprobación da prórroga extraordinaria do contrato de servizos de soporte e mantemento da aplicación ACCEDE - PMH (Padrón Municipal de Habitantes) dos concellos da provincia nas mesmas condicións que o contrato principal.

12. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais.

13. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do Centro "Rosalía Mera" para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais.

14. Dación de conta ao pleno da Corporación provincial do modificado do proxecto de saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro.

15. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de acondicionamento e mellora da piscina municipal de Moeche".

16. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de actuacións aglomerado VP 5604-Límite T.M. (Cuíña), Negreira".

17. Aprobación do texto e da formalización do convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras do campo de fútbol municipal de Vimianzo".

18. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús, Pontedeume".

19. Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Toques polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "da nova ponte sobre o rego de Porto Salgueiro (Sta. María de Brañas), Toques".



Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reordenación e urbanización de parque en Cimadevila" do Concello de Boiro, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0311.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

21. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación e acondicionamento da Pista exterior de Deportes da Cabana" do Concello de Ferrol incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0164.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

22. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación do pavimento peonil entre a avenida de Santiago e O Cruceiro (Arca) " do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 co código 2025.2000.0273.0.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

23. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2025 de aprobación polo Pleno.

24. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente a xuño de 2025.

25. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2024.

26. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2024.

27. Aprobación definitiva dos estados consolidados da Conta Xeral do exercicio 2024.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

28. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Cultural Banda de Música de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Actuación en Fuerteventura e intercambio coa Banda Municipal de Pájara"

29. Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das "Representacións históricas en torno



ao desembarco das tropas do Arcebispo Rodrigo de Luna e da loita cos cabaleiros dos "Condes de Altamira" en Corcubión no ano 1457 - ANO 2025".

30. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Fundación Universidad de A Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "V Congreso Internacional Socantur 2025".

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

31. Aprobación da Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias da Deputación provincial da Coruña.

32. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para o financiamento do "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA ANUALIDADE 2025".

33. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Galega de Axuda a Ucraína para o financiamento do proxecto "DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO MÉDICO PARA O CENTRO REXIONAL DE SANGUE DE ODESA (UCRAÍNA)".

34. Aprobación da posta en marcha e toma de coñecemento do proxecto CONECTA RURAL, financiado polo programa Reto Rural Dixital do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

35. Aprobación da corrección de erros no Acordo Plenario de data 5 de maio de 2025 polo que se aprobou a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Promoción do sector audiovisual galego e consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia no ámbito nacional e internacional".

36. Aprobación da corrección de erros no Acordo Plenario de data 27 de xuño de 2025 polo que se aprobou a formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol para o financiamento do proxecto "Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down Ferrol".

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

37. Aprobación técnica do proxecto Mellora da seguridade vial DP 3607 Valón a San Jorge dende o punto quilométrico 4+ 200 ao 5+000 (Ferrol) incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025.



38. Aprobación do proxecto TERMINACIÓN DP 2302 Hospital a Brens, punto quilométrico 2+100 ao punto quilométrico 5+890. Mellora da estrada (Dumbría).

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 24 de xullo de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 24 de xullo de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusado:

Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
--------------------------------	------

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 09:12 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos esta sesión de Pleno co primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 6/2025, do 27 de xuño.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 6/2025, do 27 de xuño.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xuño ao 20 de xullo de 2025.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 23 de xuño ao 20 de xullo de 2025.

3.- Renuncia de don José Manuel López Varela á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Juan Carlos García Pose.

Procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don José Manuel López Varela.

Segundo.- Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

Terceiro.- Poñer en coñecemento da Xunta electoral central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Juan Carlos García Pose, primeiro suplente dos/as deputados/as provinciais elixidos/as por parte do Partido Popular no partido xudicial de Carballo nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Carballo.

Cuarto.- Demorar a eficacia do presente acordo ata a finalización da sesión plenaria para garantir o dereito de participación de todos os membros da Corporación.

4.- Renuncia de dona María del Mar Méndez Vilela á súa condición de deputada provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Juan Domingo de Deus Fonticoba.

Procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputada provincial, presentada por dona María del Mar Méndez Vilela.



Segundo.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

Terceiro.-Poñer en coñecemento da Xunta electoral central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Juan Domingo de Deus Fonticoba, primeiro suplente dos/as deputados/as provinciais elixidos/as por parte do Partido Popular no partido xudicial de Ferrol nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol.

Cuarto.- Demorar a eficacia do presente acordo ata a finalización da sesión plenaria para garantir o dereito de participación de todos os membros da Corporación.

5.- Renuncia de don Fernando Pérez Fernández á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de dona María Yolanda Valiño Pena.

Procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Fernando Pérez Fernández.

Segundo.- Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

Terceiro.- Poñer en coñecemento da Xunta electoral central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a dona María Yolanda Valiño Pena, primeira suplente dos/as deputados/as provinciais elixidos/as



por parte do Partido Popular no partido xudicial de Betanzos nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos.

Cuarto.- Demorar a eficacia do presente acordo ata a finalización da sesión plenaria para garantir o dereito de participación de todos os membros da Corporación.

6.- Renuncia de dona María Jesús Novo Gómez á súa condición de deputada provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Ovidio Rodeiro Tato.

Procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputada provincial, presentada por dona María Jesús Novo Gómez.

Segundo.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

Terceiro.-Poñer en coñecemento da Xunta electoral central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Ovidio Rodeiro Tato, primeiro suplente dos/as deputados/as provinciais elixidos/as por parte do Partido Popular no partido xudicial de Santiago de Compostela nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela.

Cuarto.- Demorar a eficacia do presente acordo ata a finalización da sesión plenaria para garantir o dereito de participación de todos os membros da Corporación.



7.- Renuncia de don Carlos Martínez Carrillo á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Eduardo Antonio Pereiro Liñares

Procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don Carlos Martínez Carrillo.

Segundo.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

Terceiro.-Poñer en coñecemento da Xunta electoral central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Eduardo Antonio Pereiro Liñares, segundo suplente dos/as deputados/as provinciais elixidos/as por parte do Partido Popular no partido xudicial de Santiago de Compostela nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela.

Cuarto.- Demorar a eficacia do presente acordo ata a finalización da sesión plenaria para garantir o dereito de participación de todos os membros da Corporación.

8.- Renuncia de don Roberto Rey Martínez á súa condición de deputado provincial: Toma de coñecemento, declaración de vacante e solicitude á Xunta Electoral Central de expedición de credencial a prol de don Rubén Suárez Carballo.

Procédese á votación da inclusión do asunto na orde do día:



VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don don Roberto Rey Martínez.

Segundo.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

Terceiro.-Poñer en coñecemento da Xunta electoral central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a don Rubén Suárez Carballo, terceiro suplente dos/as deputados/as provinciais elixidos/as por parte do Partido Popular no partido xudicial de Santiago de Compostela nas eleccións locais de 2023, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela.

Cuarto.- Demorar a eficacia do presente acordo ata a finalización da sesión plenaria para garantir o dereito de participación de todos os membros da Corporación.

Sr. Ben Otero

Disculpe, presidente. Buenos días a todos. Algunos de mis compañeros que dejan hoy el acta querían tener una intervención y al final del Pleno si es posible, si da usted el turno, se lo agradecemos. Gracias.

Sr. Presidente

Cando queiran. Ao final?, vale.



9.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o programa de actividades do ano 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 300.000 €, ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2025, cun orzamento subvencionado de 379.065,12 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de xullo de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades do ano 2025.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Auditorio de Galicia

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecientos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.



Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, de data 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, polo que a Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- A programación desenvolta polo Auditorio de Galicia excede as marxes do propio concello de Santiago de Compostela. As actividades programadas teñen un carácter supramunicipal, atendendo á configuración de Santiago de Compostela como a capital cultural do país, por iso a área de influencia das programacións excede o ámbito comarcal situándose no ámbito provincial e nacional.

A programación cultural compostelá ten unha clara orientación provincial e nacional. Sendo un dos seus obxectivos, Compostela como capital do país e núcleo de formación e ocio da provincia, vese reforzada na acollida de cidadáns dos concellos da provincia e orienta, máis ca nunca, as súas políticas turísticas e culturais a eses ámbitos.

5.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que ven desempeñando o Auditorio de Galicia e considera de interese as actividades que desenvolve.

6.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do *Programa de actividades do ano 2025*, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Auditorio de Galicia**, con CIF: Q1500340C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programa de actividades do ano 2025*, que se indica deseguido:

* **Patrimonio C:** A Noite do Patrimonio é un evento cultural único en Europa, coordinado dende o GCPHE, ofrece un programa de actos e actividades que se desenvolven de



forma simultánea nas 15 cidades históricas co selo UNESCO. Para Patrimonio C. A Noite do Patrimonio 2025 organizarase unha programación de actividades que buscan poñer en valor o patrimonio compostelán, dende unha perspectiva ampla, tanto no referente ao patrimonio material e inmaterial, pero tamén ao patrimonio vivo existente na cidade e que se atopa en continuo e constante crecemento.

* **Xornadas de ilustración urbana:** enmarcadas dentro do programa Compostela Ilustrada, as Xornadas de Ilustración Urbana desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada. Cada autor/a presenta os seus bosquexos e fala sobre as experiencias, técnicas e achegas persoais arredor do seu traballo

* **Música:** o carácter singular da programación de musical que elabora o Auditorio de Galicia recae en dous alicerces: o primeiro o apio e a estabilidade dunha programación clásica, case única no país, que ten vontade de achegamento do repertorio clásico aos habitantes da provincia. E por outra banda, o apoio das músicas e tendencias de vangarda e actualidade que nos achegan novas vías de enfrontarnos co feito artístico musical:

- Programación de abono: A base de programación de abono do Auditorio de Galicia é a Real Filharmonía de Galicia. Baixo o título Inconformistas, a programación deseñada polo seu director titular Baldur Brönnimann, incluírá 22 concertos entre os meses de outubro de 2024 e maio de 2025 -11 deles entre xaneiro e maio de 2025- baixo a dirección, entre outras, do mesmo mestre Brönnimann.

- Ciclo de Lied: organizado en colaboración coa Asociación de Amigos da ópera de Santiago, este ciclo caracterízase pola orixinalidade á hora de presentar cada ano unha visión diferente do xénero musical do lied e a canción de cámara. O primeiro concerto virá da man da soprano Olga Pasiecznik cuxo pianista acompañante será Maciej Pilkulski e que interpretarán cancións de Chopin-Viardot, Debussy, Kossenko e Barvinski.

- Contemporáneas: dar a coñecer a música de vangarda dos séculos XX e XXI, fomentar a creación de novas composicións e pór a dialogar a innovación sonora coa doutras artes son os obxectivos de 'Contemporáneas', un novo programa que reformula as anteriores Xornadas de Música Contemporánea para estendelas no tempo e manter unha xanela aberta ao longo do ano a novas sonoridades. A primeira edición de 'Contemporáneas' ofrecerá de outubro a maio oito concertos, un cada mes, que incluírán cinco estreas absolutas e tres composicións especificamente creadas para a ocasión de Teresa Bretal, Manuel López Jorge e Nuria Núñez.

- Soundpainting Compostela: Compostela celebrará un encontro que rematará cun concerto o 11 de xullo na Casa das Máquinas a cargo da Orquestra Galega de Liberación, a nave nodriza dunha comunidade de artistas residentes en Galicia reunidos en torno ás artes de vangarda, á procura de novas formas de creación espontánea, e á improvisación como fonte de investigación; un proxecto vivo e en permanente crecemento constituído por artistas e intérpretes recoñecidos nos distintos eidos do mundo clásico, do jazz, das músicas de vangarda e das artes performativas.

- Gala aRi(t)mar: a singularidade do proxecto aRi[t]mar atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades de falantes polo mundo. Trátase pois, de achegar e valorar o mellor da canción e da poesía feita en



portugués e de espallar o mellor da canción e a poesía feita en galego como unha relación entre iguais.

Un proxecto didáctico-cultural que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galegoportuguesas actuais, aproximando a cultura e a lingua dos dous países. Un certame que consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués que se entregan cunha Gala que organiza o Auditorio de Galicia.

- Outras músicas: Os obxectivos desta liña de programación son os de fomentar a asistencia a programacións de música de públicos máis novos.

Estruturase unha programación que busca formatos e espectáculos que non entren en competencia directa coas salas e promotoras de concertos privados que realizan a súa actividade na cidade.

Apoiárase a música que se fai no concello, así presentáranse no Teatro Principal e no Auditorio os novos traballos discográficos e efemérides de bandas locais.

*** Artes escénicas e do movemento:** os espazos escénicos do Concello de Santiago convértese en puntos de chegada e partida dun amplo abano de propostas que entran en diálogo entre si para configurar un programa diverso e dirixido a todo tipo de públicos.

Apoiáronos nos circuítos habituais sobre os que combinaremos unha programación diversa, ampla e con matices, que abranxa toda amplitude de linguaxes escénicos e fortaleza o tecido profesional galego creando sinerxías de traballo e coñecemento en rede coa escena europea.

Os obxectivos de programación que fundamenten a escolla e o axuste nas amplas posibilidades dos distintos circuítos en particular serán:

1. Consolidación de públicos e atracción de novos públicos mediante unha programación de alta calidade
2. Consolidar o Auditorio de Galicia como referente na programación escénica no Estado de espectáculos de grande e medio formato.
3. Manter o equilibrio entre disciplinas da palabra e o movemento (teatro, danza, circo...) e orientación de públicos (infantil/adulto).
4. Fomentar o diálogo entre producións locais e estatais.
5. Ter presente a atención á diversidade de públicos e fomento de creación de novos públicos.

Volve a #POSUNCIÓN: conversas con membros do equipo de cada espectáculo arredor da temática e a experiencia de traballo do mesmo.

*** Festival C**, configúrase como unha proposta de actividades culturais para o verán compostelán que pretende facer unha mostra de disciplinas artísticas maiormente galegas en espazos ao aire libre: parques, xardíns e prazas intentando crear puntos estables de difusión cultural que garantan a seguridade e esixencias sanitarias para a realización dos espectáculos.

Os espazos estableceranse por disciplinas artísticas:



- C letras. Literatura á fresca (recitais de poesía e roteiros literarios)
- C circo (artes de circo e rúa)
- C escena (artes escénicas e danza)
- C música (música)

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de abono

Deseño e maquetación do programa	3.500,00
Impresión programas	5.000,00
Impresión programas de man	8.000,00
Subministro de augas para concertos	500,00
Dereitos de autor	200,00
Envíos postais	1.000,00
Reparto cartalaría	200,00
Impresión mupis	200,00
Comunicación e difusión na Axenda C	1.500,00
Venda telemáticas de abonos e entradas	2.500,00
Subtotal	22.600,00

Ciclo de lied

Honorarios artistas	21.000,00
Deseño de materias	1.500,00
Impresións	1.500,00
Dereitos de autor	1.000,00
Afinacións	700,00
Subtotal	25.700,00

Xornadas Música Contemporánea

Honorarios e acomodación artistas	35.000,00
Deseño material comunicación e mediación	1.500,00
Impresións	1.500,00
Dereitos de autor	1.000,00
Afinacións	300,00
Alugueiro material técnico	2.000,00
Subtotal	41.300,00

Soundpainting Compostela

Produción e coordinación	10.000,00
Asistencias técnicas	2.900,00
Contratación micro eventos	12.100,00
Subtotal	25.000,00

Gala Arif[t]mar

Produción	3.000,00
Contratacións artísticas	8.000,00



Asistencias técnicas	2.000,00
Subtotal	13.000,00

Festival C

Contratacións artísticas	30.000,00
Asistencia técnica	5.000,00
Seguridade e acomodación	2.000,00
Servizo de reparto de entradas	1.500,00
Subtotal	38.500,00

Patrimonio C

Deseño, xestión e coordinación visitas patrimoniais	30.000,00
Deseño, xestión e realización Noite do Patrimonio	15.000,00
Asistencias técnicas e comunicación	5.000,00
Subtotal	50.000,00

Xornadas de Ilustración Urbana

Coordinación e xestión das xornadas	13.500,00
Asistencias técnicas	1.500,00
Subtotal	15.000,00

Artes escénicas e do movemento

1936	56.628,00
El cuarto de atrás	13.915,00
Boulevard papagaio	7.013,00
Poncia	10.769,00
Los lunes al sol	14.520,00
Vitoria	2.904,00
Tromso	3.766,12
Aurora Boreal	2.200,00
Asistencias técnicas	7.000,00
Atención aos públicos	9.000,00
Alugueiro de material	5.000,00
Publicidade e impresión de materiais	4.000,00
Comunicación e difusión na Axenda C	3.000,00
Servizo de venda de entradas	2.500,00
Dereitos de autor	3.500,00
Mediación	2.250,00
Subtotal	147.965,12

Total 379.065,12 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **300.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **79,14207 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está

**RPT-6654235



financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,14207 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.



VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia.



VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle



en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; suplementariamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.- Aprobación da modificación do prazo de vixencia do convenio da subvención nominativa ao Concello de Santa Comba para cofinanciar a realización da obra de mellora das instalacións deportivas na parroquia de Ser , condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Aprobación da modificación do prazo de vixencia do convenio da subvención nominativa concedida ao Concello de Santa Comba para cofinanciar a realización da obra de mellora das instalacións deportivas na parroquia de Ser , condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa

**RPT-6654235



sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de outubro de 2025**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. A entidade beneficiaria deberá ter rematadas as obras **antes do 31 de agosto de 2025**, e a documentación xustificativa presentada antes do 30 de setembro de 2025.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio** poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

11.- Aprobación da prórroga extraordinaria do contrato de servizos de soporte e mantemento da aplicación ACCEDE - PMH (Padrón Municipal de Habitantes) dos concellos da provincia, nas mesmas condicións que o contrato principal.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Aprobar a prórroga extraordinaria do contrato de servizos de soporte e mantemento da aplicación ACCEDE - PMH (Padrón Municipal de Habitantes) dos concellos da provincia, PCO.OO1.2020.00009, nas mesmas condicións que o contrato principal, con arranxo aos Pregos que o rexen, aprobados mediante Resolución da Presidencia número 19984 de data 29 de xuño de 2020, e que será realizada polo adxudicatario do contrato principal AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS, S.L., con NIF B41632332 e domicilio en Avenida Blas Infante, número 6, segunda planta; Código postal: 41400 Écija (Sevilla), nas seguintes condicións:

- Prazo: Do 22 de agosto ao 21 de novembro de 2025.



- Prezo da prórroga: 4.498,17 euros (IVE engadido).
- Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo:

ANUALIDADE: 2025

PERIODO: 1 trimestre 2025

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 0730/49122/22799

IMPORTE: 4.498,17 €

12.- Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do I.E.S Rafael Puga Ramón para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña, dende o día da súa sinatura ata o 01 de setembro de 2026, tendo en conta que en caso de que a responsabilidade da actividade educativa pasase a ser da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, cun preaviso de 30 días, poderá deixar sen efecto o presente convenio.

13.- Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do Centro "Rosalía Mera" para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo do Centro "Rosalía Mera" para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña, dende o día da súa sinatura ata o 01 de setembro de 2026, tendo en conta que en caso de que a responsabilidade da actividade educativa pasase a ser da Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, cun preaviso de 30 días poderá, deixar sen efecto o presente convenio.

14.- Dación de conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto de saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro, relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro.

Dáse conta ao pleno da corporación provincial do modificado do proxecto de saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro, relativo ao convenio asinado entre a Deputación da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o saneamento e humanización da rúa Rosalía de Castro.

O orzamento do proxecto modificado supón un aumento do orzamento de execución que ascende a 249.999,99 €.

Segundo o convenio asinado 119/2022, a achega máxima provincial era do 80,00% e agora corresponderá a un porcentaxe de financiamento do 57,60%.

15.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de acondicionamento e mellora da piscina municipal de Moeche".

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (1 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Moeche **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **"obras de acondicionamento e mellora da piscina municipal de Moeche"**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.



2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Moeche polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras de acondicionamento e mellora da piscina municipal de Moeche**”, cunha achega provincial de **90.542,80 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **113.178,50 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MOECHE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE MOECHE.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ a Alcaldesa-Presidenta do Concello de **Moeche**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta



finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Moeche** considera de primeira necesidade as **obras de acondicionamento e mellora da piscina municipal de Moeche**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“... En xullo de 1996 a Deputación da Coruña convocaba un concurso de proxectos de modelos para áreas de lecer e piscinas descubertas, con obxecto de dotar deste tipo de instalacións a municipios de menos de 5.000 habitantes, ao que máis tarde se sumarían os destinados á construción de polideportivos, piscinas cubertas e campos de fútbol. Desta forma, a Deputación promoveu dotar de infraestruturas deportivas aos municipios máis pequenos, como foi o caso de Moeche, que non eran capaces por si mesmos de afrontar estes investimentos, mais tamén sen ter en conta se o propio concello sería quen de manter as ditas infraestruturas no futuro, co nivel de ingresos que os concellos de menos de 5.000 habitantes somos quen de xerar e o inxusto e escaso sistema de financiamento da Administración local e o amplo abano de competencias propias. Se ben o mantemento anual e outros custes derivados do funcionamento da piscina e da área recreativa son asumidos ano tras ano polo Concello, en ocasións a costa do progreso doutros servizos básicos, cando se trata de grandes investimentos, resultan imposibles sen a colaboración doutras administracións.

Deste xeito nos últimos anos realizáronse obras na área recreativa onde se atopa a piscina municipal para a mellora da accesibilidade, creando unha rampla desde o aparcadoiro até a entrada da piscina e á zona de cafetería, e construíronse novos baños completamente accesibles na mesma zona.

Estes investimentos foron unha primeira fase do que debe ser unha adaptación total do espazo para que poida ser utilizado por todas e todos, asegurando a igualdade no acceso aos servizos municipais, e por outra banda a necesaria subsanación dos desperfectos que están a provocar un grave desperdicio de recursos públicos.

Este verán, no uso habitual da piscina, detectáronse filtracións no vaso da piscina que causaron graves perdas de auga duns 8m3 diarios, o que resultou unha grave perda tanto de recursos naturais (polo desperdicio da auga) como económicos, xa que implica un sobrecusto elevado na factura que abonamos ao Concello das Somozas. Do mesmo xeito o Concello de Moeche leva traballando



en mellorar a contorna e o espazo nos últimos anos mais como comentaba o parágrafo anterior, é necesario continuar, xa que nos atopamos coa imposibilidade de que as persoas con mobilidade reducida poidan acceder aos vestiarios, aos baños e ás duchas.

Esta área recreativa e a piscina son agora un reclamo turístico para o Concello de Moeche nos meses de verán, un lugar no que familias enteiras de toda a contorna veñen a pasar as xornadas estivais da que tamén gozan a rapazada do espazo de conciliación municipal Sementeira, a dos cursos de natación e os maiores de aquagym, mais cun coste elevado para o concello e sen posibilidade de asumir melloras e obras de acondicionamento....”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Moeche** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Moeche** con CIF P1505000H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento as obra de acondicionamento e mellora da piscina municipal de Moeche, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, Igor Vergara Otero número de colexiado 25.817 asinado en abril de 2025.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	78.601,64 euros
Gastos xerais 13,00%	10.218,21 euros

**RPT-6654235



Beneficio Industrial 6,00 %

4.716,10 euros

IVE (21%)

19.642,55 euros

ORZAMENTO DE LICITACIÓN

113.178,50 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **90.542,80** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.



- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**



2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas



de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación



Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

16.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de actuacións aglomerado VP 5604-Límite T.M. (Cuiña), Negreira".

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (1 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Negreira **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras de actuacións aglomerado VP 5604-Límite T.M. (Cuiña), Negreira**”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as “**obras de actuacións aglomerado VP 5604-Límite T.M. (Cuiña), Negreira**”, cunha achega provincial de **84.562,45 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **105.703,06 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEGREIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO

**RPT-6654235



DAS OBRAS DE ACTUACIÓNS AGLOMERADO VP 5604 – LÍMITE T. M. (CUÍÑA), NEGREIRA.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña,
como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima
Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ a Alcalde-Presidente do Concello de
Negreira.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos,
estánlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do
establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia
e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor
capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto
dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na
prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta
finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus
recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que
se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas
competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a
satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no
artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da
lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes
materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Negreira** considera de primeira necesidade as **obras de
actuacións aglomerado VP 5604-Límite T.M. (Cuíña), Negreira.**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do
Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social
e económico.

*“... O viario no que se pretende actuar atópase nun mal estado de conservación
presentado fochancas e o desgaste debido ó uso do mesmo polos habitantes dos
núcleos achegados pola actividade agrícola gandeira da zona e pola climatoloxía.*

O estado da vía supón un perigo para os/as usuarios/as da mesma que a teñen



que utilizar necesariamente para os desprazamentos entres os distintos núcleos de poboación e para acometer labores propias do campo.

Con carácter previo á execución das actuacións recollidas no citado proxecto técnico procederase á limpeza mecánica das cunetas e das marxes do viario e á retirada da vexetación que poida afectar á execución dos traballos así como a mellora da evacuación de augas pluviais da calzada.

Co obxecto de mellorar a capa de rodadura da calzada, o proxecto técnico propón a execución dunha capa de 5 cm de espesor de mestura bituminosa continua en quente AC16 surf D para capa de rodadura, de composición densa, con árido granítico de 16mm de tamaño máximo e betún asfáltico de penetración.

Faise necesaria unha regularización previa da superficie actual dun 5% do total da plataforma para consolidación da base e uniformidade da mesma. Delimitaranse os límites da calzada mediante o pintado dunha marca viaria lonxitudinal a cada lado de 10 cm de espesor e pintura acrílica e procederase con perfilado e refino de cunetas de sección triangular, en terra, con medios mecánicos.

Unha vez acometidas as actuacións descritas, mellorará a adherencia co neumático en condicións de chuvia, garantirá un mellor reparto de cargas e comportamento estrutural e a capa de rodadura será continúa sen transicións e de fácil mantemento...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Negreira** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Negreira** con CIF P1505700C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento as **obras de actuacións aglomerado VP 5604-Límite T.M. (Cuiña), Negreira**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos técnicos de asistencia municipal Alfredo Varela Nogueira (arquitecto) e Bruno Ferreiro López (arquitecto técnico), asinado en febreiro de 2025.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa



realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	73.410,00 euros
Gastos xerais 13,00%	9.543,30 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.404,60 euros
IVE (21%)	18.345,16 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	105.703,06 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **84.562,45** euros o que representa unha porcentaxe de **80.00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.00%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou



axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):



- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención



provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal



4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia



do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

17.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras do campo de fútbol municipal de Vimianzo".

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Vimianzo polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as “obras do campo de fútbol municipal de Vimianzo”, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2.º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3.º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Vimianzo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as “obras do campo de fútbol municipal de Vimianzo”, cunha achega provincial de 350.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3420/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 72.89655% respecto dun orzamento de 480.132,43 euros.**

4.º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO POLO QUE SE



INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VIMIANZO.

Na Coruña, a ____ de _____ de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ a Alcaldesa-Presidenta do Concello de **Vimianzo**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Vimianzo** considera de primeira necesidade as obras do **campo de fútbol municipal de Vimianzo**.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Os investimentos que se pretenden levar a cabo son investimentos financeiramente sostibles porque se atopan recollidos dentro do ámbito obxectivo

**RPT-6654235



da Disposición Adicional 16ª do texto refundido da Lei de facendas locais (342.Instalacións deportivas).

A obra que se vai executar, dende un punto de vista técnico/obxectivo é necesaria dado o estado actual do terreo do campo de fútbol, que fai necesaria unha actuación de renovación total da mesma co fin de que se atope nun estado óptimo de uso.

Preténdese actuar nunha instalación onde ademais de entrenar, lévanse a cabo competicións nas que tamén practican deporte diferentes equipos da comarca e da provincia.

...

A execución da obra, tal e como se ben explicando ao longo da memoria, responde a razóns de interese público, xa que, ademais da renovación necesaria do campo, dado o mal estado actual no que se atopa, coa súa mellora, conservación e renovación estaríanse obtendo beneficios de tipo social, económicos e culturais.....”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Vimianzo** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Vimianzo** con CIF P1509300H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras do campo de fútbol municipal de Vimianzo, tal e como aparecen definidas estas no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro número de Colexiado 22.992 asinado en decembro de 2024.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio,



a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	333.448,45 euros
Gastos xerais 13,00%	43.348,30 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	20.006,91 euros
IVE (21%)	83.328,77 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	480.132,43 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **350.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **72.89655%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **72.89655 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.



5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren



polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de



acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal



4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia



do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

18.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús, Pontedeume".

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Pontedeume polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús, Pontedeume", e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de "**reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús, Pontedeume**", cunha achega provincial de **245.370,48 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00%** respecto dun orzamento de **306.713,10 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.



ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CENTRO SOCIAL DE VIZÚS, PONTEDEUME”

Na Coruña, a ___ de _____ de 2025

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ o Alcalde-Presidente do Concello de **Pontedeume**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Pontedeume** considera de primeira necesidade as obras de **“reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús, Pontedeume”**.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.



“...Os centros socioculturais son equipamentos de uso comunitario, abertos a tódolos veciños do municipio, que teñen como obxectivo fomentar a convivencia entre os veciños mediante a realización de actividades de ocio, actividades sociais, actividades de aprendizaxe... e impulsar a súa participación nestes espazos públicos.

A animación sociocultural enténdese non só como un modo de entretemento, senón que hai que entendela como unha ferramenta que mellore o nivel de vida das persoas que participan.

Dende o peche a principios da década do ano 2000 da antiga escola unitaria da parroquia de Centroña, este edificio foi utilizado como local social para o desenrolo de distintas actividades culturais e lúdicas, dende cursos de cociña, micoloxía, pintura, bordado, idiomas... ata charlas sobre historia local. Co paso do tempo, e tendo en conta que se trata dunha construción dos anos 60, o citado edificio presenta na actualidade un gran número de deficiencias e danos, que dada a relevancia dalgún deles, deberían ser reparados canto antes....”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Pontedeume** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Pontedeume** con CIF P1507000F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de “reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social de Vizús, Pontedeume”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez en xullo de 2024.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.



II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	213.010,00 euros
Gastos xerais 13,00%	27.691,30 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	12.780,60 euros
IVE (21%)	53.231,20 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	306.713,10 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **245.370,48** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou



axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):



- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de



acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal



4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia



do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

19.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Toques polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "da nova ponte sobre o rego de Porto Salgueiro (Sta. María de Brañas), Toques".

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (1 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Toques **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras **"da nova ponte sobre o rego de Porto Salgueiro (Sta. María de Brañas), Toques"**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2.º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3.º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Toques polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras **"da nova ponte sobre o rego de Porto Salgueiro (Sta. María de Brañas), Toques"**, cunha achega provincial de **115.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria que indique o Servizo de Fiscalización** o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **143.750,00 euros**.

4.º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.



ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA NOVA PONTE SOBRE O REGO DE PORTO SALGUEIRO (STA. MARÍA DE BRAÑAS), TOQUES.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2025

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ a Alcalde-Presidente do Concello de **Toques**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Toques** considera de primeira necesidade as **obras “da**



nova ponte sobre o rego de Porto Salgueiro (Sta. María de Brañas), Toques”.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...O presente proxecto ten por obxecto definir e valorar as obras necesarias para a construción dunha nova ponte sobre o rego de Porto Salgueiro, afluente do río Furelos, ó seu paso pola parroquia de Santa María de Brañas, no termo municipal de Toques.

A obra localízase nun viario de titularidade municipal, de aproximadamente 3,70 m de ancho, onde o paso sobre o rego de Porto Salgueiro está resolto mediante unha obra de drenaxe transversal conformada por dous vanos en forma de arco, de 3 m de ancho libre, e unha lonxitude total duns 8,40 m. Por outra banda, esta ponte presenta un ancho libre de 3,50 m o que dificulta, en gran medida, o paso da numerosa maquinaria agrícola existente da zona, así como o cruzamento de dous vehículos.

Tamén cabe indicar que esta obra de drenaxe transversal presenta unha capacidade hidráulica insuficiente polo que provoca asolagamentos dos terreos adxacentes a esta.

Así mesmo, na actualidade, os sistemas de contención da ponte atópanse en condicións deficitarias de conservación, o que supón un risco para os seus usuarios.

Por estes motivos, e ante a imperiosa necesidade de restablecer e facilitar o tránsito de maquinaria agraria, vehículos e peóns por este lugar en condicións de seguridade, preténdese a substitución da obra de drenaxe existente por outra que dea cumprimento ás premisas recollidas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, que requiren a evacuación do caudal da avenida con período de retorno $T=500$ anos, garantindo a protección e seguridade peonil e do tráfico rodado no viario.

A nova obra de drenaxe corresponderase cun pórtico de sección total $10,00 \times 3,00$ m, a fin de permitir unha sección hidráulica libre mínima de $10,00 \times 1,35$ m (h agua para $T=500$ anos) e un resguardo de 50 cm de altura baixo o contacto do dintel e os hastiais, segundo requiren os cálculos hidráulicos realizados, quedando así as zapatas soterradas baixo o leito do río.

O taboleiro do pórtico contará cun ancho de 7,00 m e executarase “in situ” con formigón armado mediante cimbra.

Para a execución da nova ponte, primeiramente, contéplase a demolición da obra de drenaxe transversal existente e, posteriormente, o movemento de terras necesario para a execución da cimentación do pórtico. As zapatas terán unhas dimensións de $3,90 \times 8,00 \times 0,50$ m.

O ancho dos muros será de 50 cm e sobre eles descansará o dintel que terá 40 cm de espesor. Toda a estrutura será realizada en HA-25 e aceiro B500S.

Unha vez executado o pórtico (zapatas, muros e lousa superior) e xa colocados os muros de acompañamento de pedras de granito, procedérase ó



correspondente afirmado do camiño, nunha lonxitude total de 600 m e en 200 m² de abanicos existentes, debido o deficitario estado de conservación que presenta por mor do continuo tránsito de maquinaria agrícola.

Para a pavimentación do viario prevese a extensión de 6 cm de mestura bituminosa en quente á toda a plataforma, previa reparación de baches con 10 cm de grava e tratamento asfáltico semiprofundo e previa estabilización necesaria das marxes do viario con 25 cm de zahorra e 15 cm de grava con tratamento asfáltico semiprofundo.

Complétase a actuación ca colocación de pretil metálico sobre a nova estrutura, prologada con barreira de seguridade, e o pintado de marcas viarias.

Tamén se prevé a o acondicionamento e restauración ambiental do entorno afectado polas obras de construción da nova ponte.

No anexo nº7 de Cálculos hidráulicos achegase a xustificación de que a estrutura deseñada é capaz de evacuar a enchente correspondente o período de retorno de 500 anos.

No anexo nº8 de Cálculos estruturais achegase a xustificación das comprobacións realizadas sobre a estrutura proposta cas accións consideradas e o cumprimento da segundo a preceptiva normativa. Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especifícanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos.

En función das necesidades e pretensións municipais, dispoñibilidades orzamentarias, estado das obras e resposta de actuacións similares na zona, considérase que as unidades presupostadas representan a solución máis acorde co fin a acadar...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Toques** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Toques** con CIF P1508400G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento as **obras “da nova ponte sobre o rego de Porto Salgueiro (Sta. María de Brañas), Toques”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución subscrito polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Pablo Blanco Ferreiro, número de colexiado número 22.992 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, asinado en xaneiro de 2025.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas



e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	99.833,32 euros
Gastos xerais 13,00%	12.978,33 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	5.990,00 euros
IVE (21%)	24.948,35 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	143.750,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **115.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80.00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria _____, na que a Intervención provincial ten



certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da**



súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- a) **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- b) **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f) **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- g) Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**



3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá



quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva



finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun mes** da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

20.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reordenación e urbanización de parque en Cimadevila", do Concello de Boiro, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0311.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Boiro do proxecto modificado do investimento denominado "Reordenación e urbanización de parque en Cimadevila", incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0311.0 levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de maio do 2023, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Boiro



Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 1 da Resolución de Presidencia desta deputación número 32169/2023 do 18/08/2023 pola que se aproba a 1ª fase deste Plan Adicional 2/2023 por maior achega provincial, na que se inclúen algúns investimentos financeiramente sostíbles solicitados polo concello dentro dos previstos no Plan complementario ao POS+ 2023 Base, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallaban para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDENTES
Boiro	2023.2102.0311.0	Reordenación e urbanización de parque en Cimadevila	178.365,18	0,00	178.365,18	- Axencia galega de Infraestruturas (AXI). - Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobación concello

Logo de presentar o concello un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o día 27 de febreiro de 2025 polo arquitecto Amancio Losada Vicente que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 213.329,64 €, o que supón un incremento de 34.964,46 € con respecto ao primeiro proxecto presentado e que se redacta para dar cumprimento ás condicións contidas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) de data 28 de novembro de 2023.

Logo de presentar o Concello de Boiro un novo informe técnico de data do 29 de maio de 2025 asinado polo arquitecto técnico municipal, José Emilio Piña Ordiz, relativo a que este proxecto modificado cumpre coas condicións contidas na dita autorización e que foron estas condicións precisamente as que motivaron esta modificación do proxecto da obra.

Logo de presentar o documento de retención de crédito achegado o día 4 de xullo de 2025, asinado dixitalmente pola Interventora municipal na mesma data, no que se fai constar que existe crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal para esta anualidade para o financiamento do incremento experimentado na achega municipal co motivo da modificación do proxecto deste investimento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 25 de novembro do 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 1 de decembro do 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reordenación e urbanización de parque en Cimadevila”, do Concello de Boiro, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2023, co código 2023.2102.0311.0 , que foi aprobado de forma condicionada á autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e á supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello, e que polo tanto aínda non está adxudicado. Este proxecto modificado conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis co informe de supervisión favorable emitido o día 7 de abril de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos



correspondentes informes técnicos favorables, sendo a súa finalidade cumprir as condicións contidas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas de data 28 de novembro de 2023, experimentando o proxecto modificado un incremento do seu orzamento de contrata que é asumido integramente polo Concello de Boiro, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Boiro Reordenación e urbanización de parque en Cimadevila 2023.2102.0311.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	178.365,18	178.365,18	0,00
Concello	0,00	34.964,46	34.964,46
Total	178.365,18	213.329,64	34.964,46

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento na Resolución da Presidencia desta deputación número 32169/2023 do 18 de agosto de 2023, de aprobación da primeira fase deste Plan Adicional 2/2023, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Boiro	2023.2102.0311.0	Reordenación e urbanización de parque en Cimadevila	178.365,18	34.964,46	213.329,64	- Axencia galega de Infraestruturas (AXI). - Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobación concello

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Boiro para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.

21.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación e acondicionamento da Pista exterior de Deportes da Cabana", do Concello de Ferrol, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0164.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Ferrol do proxecto modificado do investimento denominado “Reparación e acondicionamento da Pista exterior de Deportes da Cabana”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0164.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Total	Condições pendentes
Ferrol	2022.2000.0164.0	Reparación e acondicionamento da Pista exterior de Deportes da Cabana	68.941,63	10.000,00	78.941,63	- Acreditación de dispoñibilidade dos terreos - Autorización de Augas de Galicia

Logo de presentar este concello un proxecto modificado, asinado dixitalmente o 8 de xullo de 2025 pola arquitecta técnica municipal María Jesús Rodríguez Casanova, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 96.744,42 € o que supón un incremento de 17.802,79 € con respecto ao do proxecto inicialmente aprobado, para actualizar os prezos do proxecto e adaptalo á situación económica actual.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2022, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Reparación e acondicionamento da Pista exterior de Deportes da Cabana”, do Concello de Ferrol, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0164.0, cun orzamento de contrata de 96.744,42 €, que foi aprobado polo órgano competente do concello e conta co informe de supervisión favorable emitido o 14 de xullo de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata do investimento respecto do proxecto inicial por importe de 17.802,79 €, sendo a súa finalidade actualizar os prezos do proxecto e adaptalo á situación económica actual, asumindo o incremento integramente o Concello de Ferrol, tal e como se indica na

**RPT-6654235



seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Ferrol "Reparación e acondicionamento da Pista exterior de Deportes da Cabana" Código 2022.2000.0164.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Deputación	68.941,63	68.941,63	0,00	- Acreditación de dispoñibilidade dos terreos - Autorización de Augas de Galicia
Concello	10.000,00	27.802,79	17.802,79	
Total	78.941,63	96.744,42	17.802,79	

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento dentro do plan, toda vez que o concello presentou toda a documentación xustificativa do seu cumprimento, en concreto a autorización emitida por Augas de Galicia de data 20 de xuño de 2025 e máis o informe técnico de cumprimento das condicións contidas nesta autorización de data 3 de xullo de 2025, así como o anexo VI que contén o informe xurídico relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento de data 11 de xullo de 2025. En consecuencia co sinalado, aprobar definitivamente este investimento dentro do plan, quedando o seu cadro de financiamento tal e como se indica na táboa contida no apartado anterior, reflectindo na última columna o cumprimento das condicións pendentes.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Ferrol asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta na certificación asinada dixitalmente o 13 de xuño de 2025 pola interventora municipal do concello, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ferrol para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.

22.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación do pavimento peonil entre a avenida de Santiago e O Cruceiro (Arca) ", do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0273.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación do pavimento peonil entre a avenida de Santiago e O Cruceiro (Arca)”, do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0273.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025 en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, polo que se aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

			Financiamento		
Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
O Pino	2025.2000.0273.0	“Renovación do pavimento peonil entre a avenida de Santiago e O Cruceiro (Arca) ”	80.663,50	0,00	80.663,50

Logo de presentar o Concello do Pino un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 25 de xuño de 2025, polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe do orzamento de contrata, redactado coa finalidade de minimizar as actuacións de renovación do pavimento peonil entre a avenida de Santiago e o Cruceiro (Arca), recollidas no proxecto inicial, para priorizar, por motivos de seguridade viaria, as labores de reforzo do firme ampliándoas ademais a unha rúa anexa, o que supón, polo tanto, un cambio do trazado inicialmente previsto.

Logo de ver o informe do técnico redactor do proxecto, asinado dixitalmente o 25 de xuño de 2025, no que indica que sigue vixente o informe sobre autorizacións sectoriais do proxecto inicial.

Logo de ver o informe xurídico, asinado dixitalmente o 14 de xullo de 2025 pola secretaria do concello, no que indica que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 9 de xullo de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de



xaneiro do 2025 polo que se desestimou unha alegación presentada, quedando definitivamente aprobadas as Bases

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación do pavimento peonil entre a avenida de Santiago e O Cruceiro (Arca)”, do Concello do Pino, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0273.0, sen variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto inicial, que está sen adxudicar e que se aprobou polo pleno do Concello do Pino o 25 de xuño de 2025, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, contando ademais cun informe de supervisión favorable emitido o día 9 de xullo de 2025, polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

Este proxecto modificado redactouse coa finalidade de minimizar as actuacións de renovación do pavimento peonil entre a Avenida de Santiago e o Cruceiro (Arca) recollidas no proxecto inicial, para priorizar, por motivos de seguridade viaria, as labores de reforzo do firme ampliándoas a unha rúa anexa, o que supón polo tanto un cambio do trazado previsto inicialmente, sendo os seus datos os seguintes:

			Financiamento		
Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
O Pino	2025.2000.0273.0	“Renovación do pavimento peonil entre a avenida de Santiago e O Cruceiro (Arca)”	80.663,50	0,00	80.663,50

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4530/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello do Pino para os efectos oportunos

23.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2025 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2025 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 25.071.215,17 € que ofrece o seguinte resumo:

1. NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Créditos extraordinarios (CE):	6.139.540,00	Baixas por anulación (BA):	14.025.513,39
Suplementos de crédito (SC):	18.931.675,17	Remanente de Tesourería:	11.045.701,78
Total aumentos:	25.071.215,17	Total financiamento:	25.071.215,17

2. RESUMO POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1 Gastos de persoal	0,00	0,00	1 Impostos directos	0,00
2 Gastos correntes	760.000,00	0,00	2 Impostos indirectos	0,00
3 Gastos financeiros	0,00	0,00	3 Taxas e outros ingresos	0,00
4 Trans. Correntes	6.292.000,00	36.250,00	4 Transferencias correntes	0,00
5 Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00	5 Ingresos patrimoniais	0,00
6 Investimentos reais	3.035.288,50	50.000,00	6 Alleamento investimentos reais	0,00
7 Trans. de capital	14.983.926,67	13.939.263,39	7 Transferencias de capital	0,00
8 Activos financeiros	0,00	0,00	8 Act. Finan. (Reman. Tesourería)	11.045.701,78
9 Pasivos financeiros	0,00	0,00	9 Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	25.071.215,17	14.025.513,39	TOTAL:	11.045.701,78

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e

**RPT-6654235



Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2025 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- No que atinxe á dotación económica prevista neste expediente de modificación de créditos para subvencións de concesión directa, que non xera ningún dereito cara ós potenciais beneficiarios, resaltar que a xustificación da presenza de causas excepcionais e de interese público resulta extemporánea neste intre, segundo mostra a práctica habitual desta institución nas últimas décadas; deixando tamén constancia de que en ningún caso se dará tramite a expediente algún que incumpra as prescricións legais, recordando neste senso ás unidades xestoras, e ós órganos de ditame e resolutorios do procedemento, que en ningún caso se asignará recurso algún a través de convenio administrativo que non incorpore a debida xustificación da excepcionalidade, interese público, que non permitan a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación, tal e como informa a Intervención Xeral, que reitera a necesidade de facelo na tramitación administrativa posterior do expediente, e, en todo caso, previamente á firma do convenio de achega provincial á obra ou á actividade de que se trate.

A maior abundamento, é de salientar a posibilidade de asignación de fondos provinciais con carácter excepcional, tal e como sinala o Informe de Asesoría Xurídica desta institución (nº 45/2018, sobre "*Cuestións relativas ó procedemento de concesión de subvencións nominativas*", de 23 de marzo), cando se xustifique no expediente administrativo a tramitar; debendo resaltar neste senso a asignación a todos e cada un dos Concellos da provincia do maior Plan de Obras e Servizos de todo o estado.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

24.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola



Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xuño de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de xuño de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de xuño de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.

25.- Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2024.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2024, na que se incluíu o informe definitivo de auditoría sobre as contas anuais do 2024 do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

26.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do

**RPT-6654235



exercicio 2024.

2.- Remítala ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.

27.- Aprobación definitiva dos estados consolidados da Conta Xeral do exercicio 2024.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar definitivamente os estados consolidados da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2024.

2.- Remítalos ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.

28.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Banda de Música de Arzúa polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Actuación en Fuerteventura e intercambio coa Banda Municipal de Pájara"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

O obxecto da presente subvención "ACTUACIÓN EN FUERTEVENTURA E INTERCAMBIO COA BANDA MUNICIPAL DE PÁJARA" consistiu principalmente no desprazamento dos membros da banda ás illas Canarias onde ademais de actuar, fixeron promoción turística da provincia, realizando intercambio coa Banda de Pajara que devolveu a visita, e coñecendo de primeira man as bondades da oferta turística da provincia.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e co ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA CIF G15361843 para financiar o proxecto "ACTUACIÓN EN FUERTEVENTURA E INTERCAMBIO COA BANDA MUNICIPAL DE PÁJARA"

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concurrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.
- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.
- Incumprimento do principio de anualidade orzamentaria.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,9041 %. sobre un orzamento total de 25.030,00 €

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTUACIÓN EN FUERTEVENTURA E INTERCAMBIO COA BANDA MUNICIPAL DE PÁJARA"



En A Coruña a

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOC. CULTURAL BANDA DE MUSICA DE ARZUA consideran de gran interese para a provincia financiar a promoción do turismo provincial realizado a través do intercambio entre a Banda de música de Arzúa e a Banda municipal de Pájara.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do ASOC. CULTURAL BANDA DE MUSICA DE ARZUA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA, CIF G15361843 , , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "ACTUACIÓN EN FUERTEVENTURA E INTERCAMBIO COA BANDA MUNICIPAL DE PÁJARA" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA levou a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Desprazamento da BMA, ida e volta a Fuerteventura	13.980,00 €
Aloxamento en réxime de media pensión da Banda Municipal de Pájara	7.500,00 €
Resto de manutención, para completar a pensión completa da Banda de Pájara	2.550,00 €
Confección de camisetas publicitarias	1.000,00 €

TOTAL 25.030,00 €



III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,9041 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,9041 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/48100, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.
4. Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida prover por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social. Así



mesmo, admitirase a subcontratación co límite máximo do 40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar, sumando os importes de todos os subcontratos, segundo establece o artigo 19.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencia

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIA

1. A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e deberán estar realizadas entre o 1 de



xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1, a ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2, A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3, A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle



poidan impor, a ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA serán



remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2025, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de outubro de 2025**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de



Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE ARZÚA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da ASOCIACIÓN

O Secretario Provincial

29.- Aprobación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das "Representacións históricas en torno ao desembarco das tropas do Arcebispo Rodrigo de Luna e da loita cos cabaleiros dos "Condes de Altamira" en Corcubión no ano 1457 - ANO 2025"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos



recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A actividade a financiar consiste nunha representación do desembarco que se leva a cabo a finais do mes de Xullo no que Corcubión volve a ser invadido dende o mar, pero a diferenza do ano 1457, esta vez con carácter lúdico e co fin de rememorar o desembarco das tropas do arcebispo Rodrigo de Luna que en dita data, intentou conquistar a vila. Época na que Corcubión era una vila próspera, onde recalaban os barcos de mercadores italianos que comercializaban con Flandes e o norte de Europa, e o referido arcebispo, que era tamén señor de Fisterra e Muxía, enviou as súas tropas a conquistar a capital corcubionesa. Pero encontrouse co heroe Gomes de Riobó e con Dona Xoana de Castro, que lles fixeron fronte. Todo elo será reflexado na representación que será unha maneira de retroceder no tempo para encontrarse coa historia e tradición de Corcubión e da comarca.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.
- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CORCUBIÓN con CIF P1502800D, para financiar o “REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO “RODRIGO DE LUNA” E DA LOITA COS CABALEIROS DOS “CONDES DE ALTAMIRA” EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 – ANO 2025” cun orzamento total de 18.029,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 14.423,20 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80.00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento das “REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 – ANO 2025”.



En A Coruña, a

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante,

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE CORCUBIÓN

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación.

EXPOÑEN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CORCUBIÓN consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 " consistente nunha representación do desembarco que se leva a cabo a finais do mes de Xullo no que Corcubión volve a ser invadido dende o mar, pero a diferenza do ano 1457, esta vez con carácter lúdico e co fin de rememorar o desembarco das tropas do arcebispo Rodrigo de Luna que en dita data, intentou conquistar a vila. Época na que Corcubión era una vila próspera, onde recalaban os barcos de mercadores italianos que comercializaban con Flandes e o norte de Europa, e o referido arcebispo, que era tamén señor de Fisterra e Muxía, enviou as súas tropas a conquistar a capital corcubionesa. Pero encontrouse co heroe Gomes de Riobó e con Dona Xoana de Castro, que lles fixeron fronte.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CORCUBIÓN, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CORCUBIÓN, con CIF P1502800D , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das "REPRESENTACIÓNS HISTÓRICAS EN TORNO DESEMBARCO DAS TROPAS DO ARCEBISPO RODRIGO DE LUNA E DA LOITA COS CABALEIROS DOS CONDES DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN NO ANO 1457 – ANO 2025 ".



II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

DESCRIPCIÓN	PRECIO	TOTAL
Guionización e coordinación	2.800,00 €	2.800,00 €
Actuacións teatrais	5.900,00 €	5.900,00 €
Son	1.800,00 €	1.800,00 €
Iluminación	1.500,00 €	1.500,00 €
Tirada piromusical	1.000,00 €	1.000,00 €
Decoracion, escenografía	1.900,00 €	1.900,00 €
Base Imponible		14.900,00 €
IVA 21 %		3.129,00 €
Total		18.029,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 14.423,20 €, o que representa unha porcentaxe do 80.0000 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.0000 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CORCUBIÓN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE CORCUBIÓN. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CORCUBIÓN, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE CORCUBIÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CORCUBIÓN.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CORCUBIÓN, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CORCUBIÓN, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.



6. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CORCUBIÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORCUBIÓN da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CORCUBIÓN na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1, O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2, A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- 3, A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CORCUBIÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá



quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CORCUBIÓN poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CORCUBIÓN queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E



PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CORCUBIÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CORCUBIÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro do 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio 2026, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CORCUBIÓN deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de marzo de 2026.

3. Para o caso de que o CONCELLO DE CORCUBIÓN non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 31 de marzo de 2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2026. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CORCUBIÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que



xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CORCUBIÓN, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE CORCUBIÓN,

O Secretario Provincial

30.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Universidad de A Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do "V Congreso Internacional Socantur 2025"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.



2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

O obxecto da presente subvención "V CONGRESO INTERNACIONAL SOCANTUR 2025" consiste principalmente na realización dun congreso onde se explorarán as formas nas que a socioloxía e a antropoloxía poden contribuir ao desenvolvemento de prácticas innovadoras e efectivas na xestión e promoción do turismo, así como na creación de experiencias significativas para os viaxeiros.

O lema do congreso O lema "Conectando culturas, comunidades e destinos" encapsula unha profunda reflexión sobre o papel transformador e unificador do turismo na sociedade contemporánea. No contexto do Congreso de Socioloxía e Antropoloxía do Turismo, este lema adquire unha relevancia especial ao resaltar a interconexión entre diversos elementos clave do turismo: as culturas, as comunidades locais e os destinos turísticos.

3º.- Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.
- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e coa FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF G15597289 para financiar o proxecto "V CONGRESO INTERNACIONAL SOCANTUR 2025"

5º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 48.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 70.58824 %. sobre un orzamento total de 68.001,54 €

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "V CONGRESO INTERNACIONAL SOCANTUR 2025"

En A Coruña a



REUNIDOS

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante,

Dunha parte en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte,, en representación do FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA consideran de gran interese para a provincia financiar a realización do V congreso SOCANTUR 2025 de socioloxía e antropoloxía do turismo
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA**, CIF G15597289, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "V CONGRESO INTERNACIONAL SOCANTUR 2025" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

SECRETARÍA TURÍSTICA	11.543,40 €
COMUNICACIONES	
módulo xestión comunicacións	6.231,50 €
módulo descarga certificados	1.203,95 €
emisión de acreditacións in situ	5.118,30 €
OUTROS GASTOS	
Apoio técnico científico	6.050,00 €
Loxística de servizos de atención	



ao congresista	17.606,71 €
Servizo oficial presentador	302,50 €
Deseño gráfico e audiovisual	5.999,18 €

SECRETARÍA TÉCNICA

Persoal coordinador	1.089,00 €
Honorarios por contratación	3.025,00 €

Xestión administrativa 14%	9.832,00 €
----------------------------	------------

TOTAL	68.001,54 €
--------------	--------------------

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 48.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 70.58824%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70.58824% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17



de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

4. Admitirase a subcontratación para as prestacións de bens e servizos que non poida prover por si mesma a entidade solicitante, ao estaren fóra do seu obxecto social. Así mesmo, admitirase a subcontratación co límite máximo do 40 por cento do importe do orzamento subvencionado para xustificar, sumando os importes de todos os subcontratos, segundo establece o artigo 19.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos



polo órgano competente.

4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de marzo de 2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, o FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1, O FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2, A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.



- 3, A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos



nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de marzo de 2026, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2026, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA non poida ter presentada a xustificación **antes do día 30 de abril de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da



Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do FUNDACION UNIVERSIDAD DE A CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación,

O Representante da FUNDACIÓN

O Secretario Provincial

31.- Aprobación da Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

INTERVENCIONES

Sr. Ben Otero

Buenos días de nuevo. Gracias.

Señor presidente, en este punto nos vamos a abstener en lógica correspondencia con el escaso margen de participación que nos han concedido.

Sorprende que la ordenanza más importante de esta casa sea sometida a la consideración de este Pleno de una manera sorpresiva. El margen para aproximarnos a



este nuevo texto de la ordenanza xeral de “subvencións”, texto que absorbe o integra las bases generales anuales. Fue de poco más de un día con respecto a la fecha de celebración de la comisión, y ya con anterioridad se celebraron reuniones de trabajo a las que pudimos ser invitados y no lo fuimos. Y ni siquiera se propició por parte de la diputada responsable o del presidente una reunión de los técnicos con este grupo municipal para presentar y explicar los pormenores de esta nueva regulación. No cuestionamos la finalidad última de esta nueva ordenanza, que es la de dar más nitidez al marco normativo provincial. Tampoco cuestionamos ni avalamos la oportunidad de alguna de las previsiones o la ausencia de otras alternativas regulatorias. Sin entrar en el fondo, advertimos que fallan las formas. Si las normas se tienen que aprobar en este salón de plenos, lo normal es que los diputados y diputadas tengan una comprensión nítida del porqué de determinados cambios en la regulación. Ni siquiera contamos con un cuadro comparativo o de correspondencias entre las normas refundidas y la norma resultante. Lo normal es que se les dé a los diputados y diputadas un mayor margen de estudio y unas mayores posibilidades de interlocución con el personal técnico que promueve los cambios regulatorios.

Lo cierto es que también, con motivo de la aprobación de esta nueva ordenanza xeral de subvenciones, se pierde una oportunidad para evaluar el funcionamiento de la acción subvencional o de fomento en esta casa. Y no me refiero solo a la equidad en el otorgamiento o la eficiencia o la eficacia de los fondos públicos movilizados. Me refiero también, por ejemplo, a la relación de los administrados con la Administración provincial, esto es, al esfuerzo de tramitación y de justificación que tienen que sobrellevar los solicitantes al necesario equilibrio entre expectativas ciudadanas y garantías de cumplimiento de la legalidad. Y, en este sentido, dan ustedes un nuevo ejemplo, uno más de lo que se podría calificar como ficción o hipocresía participativa. Hablan y hablan, me refiero especialmente a los compañeros del BNG, de participación da veciñanza, pero cubren el expediente de la obligada participación ciudadana en la tramitación de este proyecto normativo con una ineficaz consulta vía web de tan solo siete días naturales. Y evitan recabar directamente la opinión de un sinfín de entidades afectadas.

Es decir, dentro de dos años a estas alturas se estará celebrando o se habrá celebrado en este momento temporal el Pleno de organización de la corporación resultante de las elecciones municipales del año 27. Esta ordenanza afectará a los vecinos de esta casa, bien siga el Gobierno bipartito o bien haya una alternativa de cambio propiciada por el Partido Popular. No hay otra posibilidad. En consecuencia, yo entiendo que miembros de este grupo tendrían que haber sido invitados a participar u opinar, o simplemente tener un conocimiento. Y, repito, ya no vamos a entrar en la cuestión de fondo, pero por una cuestión de formas, y llueve sobre mojado, nos vamos a abstener en este punto. Nada más y gracias.

Sr. Presidente

De cara ao enriquecemento que pode dar o debate marcando unha data límite, que sería o próximo Pleno, propoñemos a retirada do punto da orde do día para que coñezan con profundidade o texto e poidan dalgunha maneira achegar cuestións que poidan enriquecer a ordenanza, que evidentemente é un texto nuclear no funcionamento desta institución. Polo tanto, pola nosa parte propoñemos a retirada do punto da orde do día.



Procédese á votación da retirada do asunto da orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda a retirada da orde do día do presente asunto

32.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA para o financiamento do "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA ANUALIDADE 2025".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-CEIDA , para regular a achega de 90.000,00 € para cofinanciar o "Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental para unha TRANSICIÓN ECOLÓXICA 2025", cun orzamento subvencionado de 112.500,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2026 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de xaneiro do 2025 e o 31 de decembro de 2025.

3. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220250030587, da aplicación

**RPT-6654235



orxamentaria 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

4. Aprobado o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE EDUCACIÓN, CAPACITACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA PARA A ANUALIDADE 2025”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, _____, en representación do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazos e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- * Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
- * Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.



* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da protección do medio ambiente, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2025”** que a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de Educación, Capacitación, Divulgación e Participación Ambiental: para unha Transición Ecolóxica 2025”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de Educación Ambiental para unha Transición Ecolóxica:

- Emerxencia climática:
 - Actividade formativa no centro educativo sobre a problemática da emerxencia climática
 - Obradoiro sobre a pegada ecolóxica
 - Exposición itinerante sobre emerxencia climática
- Cultura oceánica e lixo mariño:
 - Activade formativa no centro educativo sobre a problemática do lixo mariño
 - Revisión do estado dunha praia e limpeza
 - Crebeirxs
- Espazos Naturais Protexido
 - Fragas do Eume
 - Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo:
 - O mar e a costa, recursos valiosos para todos/as
 - A Illa de Sta Cruz, un rico patrimonio natural e histórico
- Formación do profesorado sobre unha temática incluídas no programa:
 - Emerxencia climática
 - Lixo mariño- Cultura Oceánica
 - Espazos naturais protexidos da provincia da Coruña

2. Programa de Capacitación para unha Transición Ecolóxica:

- Formación sobre a conservación, posta en valor e interpretación temática do patrimonio natural e cultural dos espazos naturais protexidos: Fragas do Eume, Dunas de Corrubedo e Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo
- Emerxencia climática
- Cultura oceánica e a problemática do lixo mariño
- Espazos naturais protexidos



3. Programa de divulgación ambiental: Exposición itinerantes

4. Programa de asesoramento e documentación ambiental:

- Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento
- Maletas Viaxeiras: maleta mariñeira e maleta climática
- Conversas naturalistas

5. Elaboración de materiais

6. Plan de comunicación

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO			IMPORTE
PERSOAL	Director Programa	18.200,00 €	77.100,00 €
	4 Educadores/as ambientais	39.000,00 €	
	Documentalista	9.900,00 €	
	Administrativo/a	5.900,00 €	
	Aux. Administrativo/a	4.100,00 €	
Seguro accidentes e R.C.			900,00 €
Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.)			28.500,00 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)			6.000,00 €
TOTAL			112.500,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou



axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o



orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade



financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de setembro de 2026 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 30 de setembro de 2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.



3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Polo CEIDA

Asdo:

Asdo:

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

Asdo.

33.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Axuda a Ucraína para o financiamento do proxecto "DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO MÉDICO PARA O CENTRO REXIONAL DE SANGUE DE ODESA (UCRAÍNA)".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Axuda a Ucraína, para regular a achega de 100.000,00 € para cofinanciar o proxecto “Dotación de equipamento médico para o Centro Rexional de Sangue de Odesa (Ucraína)”, cun orzamento subvencionado de 127.231,10 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 78,59714 % extendendo a súa vixencia ata o 30 de outubro de 2026 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 1 de xuño do 2025 e o 31 de marzo de 2026.
3. Imputar o gasto ao documento RC número de operación 220250037287, da aplicación orzamentaria 0520/23131/781, do vixente Orzamento Xeral.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2025

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA A UCRAÍNA (AGA UCRAÍNA) PARA FINANCIAR O PROXECTO “DOTACIÓN DE EQUIPAMENTO MÉDICO PARA O CENTRO REXIONAL DE SANGUE DE ODESA (UCRAÍNA)”

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA-Ucraína)

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.



MANIFESTAN

Desde o 24 de febreiro de 2022, coa invasión a gran escala de Ucraína, a poboación civil enfróntase a ataques constantes. Os bombardeos masivos provocan numerosas vítimas simultáneas e unha alta demanda de compoñentes sanguíneos. O sistema hospitalario opera con recursos limitados, o que obriga a mellorar con urxencia a capacidade de xestión, conservación e distribución de sangue.

Considerando a grave crise humanitaria e as urxentes necesidades sanitarias que persisten en Ucraína como consecuencia do conflito actual.

Recoñecendo o alto valor público de respaldar este proxecto de axuda a Ucraína considerándoo unha acción prioritaria para o fomento da solidariedade internacional e que se alía estratexicamente co compromiso institucional de apoiar e participar activamente en accións de cooperación para o desenvolvemento, demostrando un compromiso cos dereitos humanos, a paz e a axuda a quen sofre.

Que a axuda humanitaria é un acto de solidariedade en tempos de crises, podendo mitigar o sufrimento humano, reconstruír comunidades e avanzar cara a un futuro máis seguro e sostible.

Que as ONGDs e outras entidades de similar natureza veñen desempeñando un papel destacable na tarefa por mellorar as condicións de vida e a favor dun desenvolvemento sostible dos países máis desfavorecidos polo seu coñecemento e proximidade directa con esta problemática. Así mesmo, é de destacar a súa labor en paliar necesidades humanitarias de emerxencia que se dan en calquera parte do mundo.

Que a nova Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, reconece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar aos actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local.

Que a Lei galega 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, menciona ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega e cuxa actuación deberá respectar os principios e criterios establecidos a través do Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento vixente.

Que a cooperación ao desenvolvemento ten como finalidade apoiar aos países máis desfavorecidos, co fin de contribuír ao progreso humano: impulsar o desenvolvemento sostible, favorecer o benestar social, erradicar a pobreza e potenciar a defensa dos dereitos humanos.

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA-Ucraína) consideran de gran interese impulsar a solidariedade internacional, recoñecendo a importancia vital de contar con infraestruturas de saúde resilientes, especialmente no que respecta ao subministro seguro e eficiente de sangue e



os seus compoñentes, esenciais para salvar vidas.

A Asociación AGA-Ucráina é unha organización sen ánimo de lucro con sede na Coruña que se constituíu, o 28 de febreiro de 2022, despois da invasión rusa a gran escala de Ucraína. A súa misión fundamental é proporcionar asistencia humanitaria ao pobo ucraniano tanto a aqueles que permanecen nas zonas de conflito como as que buscan refuxio e reasentamento en Galicia.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Dotación de equipamento médico para o Centro Rexional de Sangue de Odesa (Ucraína)”, no seu compromiso coa cooperación internacional, a axuda humanitaria e o fomento do benestar permite contribuír para avanzar no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 das Nacións, promovendo actuacións que traballan en defensa dos dereitos humanos, mostrando especial sensibilidade coas poboacións máis vulnerables e con aquelas que son golpeadas por conflitos humanos, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a asociación AGA acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a asociación AGA Ucraína (en adiante, entidade beneficiaria) para o cofinanciamento da dotación de equipamento médico para o Centro Rexional de Sangue de Odesa (Ucraína).

II. ORZAMENTO DE GASTOS DOS INVESTIMENTOS A REALIZAR

O orzamento dos gastos da adquisición aludidos no apartado anterior ascende a 127.231,10 €, e o seu desglose é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
MAQUINARIA (Extractores sangue automático, Conxelador rápido, mesa refrixerada distribución sangue, frigorífico técnico, seladores móbiles, conxelador biomédico, contenedores dobres con anticoagulante..)	127.231,10 €
TOTAL ORZAMENTO	127.231,10 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuír á financiación do proxecto, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €**, que equivale ao **78,59714 %** de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na



cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (**78,59714 %**) da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da adquisición, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

3. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0520/23131/781, do orzamento xeral para o 2025, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN AGA UCRAÍNA E A CONTRAPARTE LOCAL, FUNDACIÓN KOLO

En virtude da sinatura do presente convenio a Asociación AGA-Ucráina e a contraparte local, a Fundación Kolo comprométense a:

AGA-UCRAÍNA:

1.Coordinación e xestión xeral do proxecto

- Actuar como entidade solicitante e xestora ante a Deputación provincial da Coruña.
- Garantir o cumprimento dos requisitos técnicos e administrativos esixidos neste convenio.
- Realizar o seguimento e control da execución do proxecto en colaboración coas entidades ucráinas participantes.

2. Relación coas entidades socias en Ucraína

- Coordinar as accións con KOLO Charity Foundation e co Centro de Sangue das Forzas Armadas de Ucraína, velando polo cumprimento dos seus compromisos.
- Asegurar que o equipamento médico subvencionado será destinado exclusivamente á finalidade prevista e empregarase por un período mínimo de dez anos.

3. Xustificación e transparencia



- Elaborar e presentar os informes narrativos e económicos esixidos neste convenio.
- Asegurar a trazabilidade de todos os bens adquiridos e facilitar o acceso á documentación xustificativa.
- Garantir o respecto aos principios de boa xestión, transparencia, eficacia e eficiencia en todas as actuacións relacionadas co proxecto.

4. Sustentabilidade e compromiso ético

- Promover a sustentabilidade do proxecto mediante a transferencia de capacidades e a implicación activa das entidades locais ucráínas.
- Asegurar que o desenvolvemento do proxecto respecta os principios humanitarios e os dereitos fundamentais, con especial atención ás poboacións desprazadas e afectadas pola guerra en Ucraína.

CONTRAPARTE LOCAL, FUNDACIÓN KOLO:

1. Adquirir, entregar completamente e transferir o equipamento con servizo de garantía ao beneficiario final da axuda - a sucursal de Odesa do Centro de Sangue.
2. Supervisar continuamente o uso do equipamento
3. Elaborar e entregar informes completos (financeiros, narrativos, fotográficos e de vídeo) á Asociación AGA-Ucraína sobre a execución do proxecto de compra e entrega de equipamento ao Centro de Sangue (sucursal de Odesa).

V.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de adquisición necesarios para a execución do proxecto corresponderalle á entidade beneficiaria ou á contraparte local.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do proxecto, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido os bens, a entidade beneficiaria deberá poñer un cartel en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento e logotipo provincial.
3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o



cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A entidade beneficiaria poderá solicitar a realización dun primeiro pagamento por importe equivalente ao 50% da subvención concedida, con carácter de anticipo prepagable, de acordo co previsto no art. 24.3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP número 185, do 25 de setembro de 2024) e co disposto na Base 54ª das de execución do orzamento para o ano 2025.

2. Rematados completamente a realización dos investimentos, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación da adquisición realizada e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente á adquisición realizada durante o período subvencionable.

c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

e. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

f. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera da adquisición subvencionada e do cartel, tal como figura disposto na cláusula VI.-2 de publicidade.

g. Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados.

h. Acta de entrega do equipamento ao centro de sangue.



- i. Certificación do acordo da incorporación dos bens adquiridos ao inventario de bens da entidade.
- j. Declaración da adscrición dos bens adquiridos á finalidade para a cal se outorgou a subvención durante un período mínimo de dez anos.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a entidade beneficiaria indicará na xustificación de gastos o tipo de cambio aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VIII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 01.06.2025 e o 31.03.2026
2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VII antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIV.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

IX.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

X.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes



de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 150, do 10 de agosto de 2021).

3. Para os supostos de retraso na adquisición ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 150, do 10 de agosto de 2021).



XIII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 01 de xuño de 2025, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de outubro do 2026.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter realizada a adquisición e presentada a xustificación antes do día 30 de outubro de 2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de execución e/ou xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro do 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.



2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data ____ de ____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña
Ucráina (AGA-

Pola Asociación Galega de Axuda a
Ucráina)

Asdo:

Asdo:

34.- Aprobación da posta en marcha e toma de coñecemento do proxecto CONECTA RURAL, financiado polo programa Reto Rural Dixital, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Tomar coñecemento da Resolución de concesión de axudas do programa “Reto Rural Digital” para proxectos de capacitación dixital, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e reguladas pola Orde TED/1326/2023, de 17 de novembro, da Secretaría para o Reto Demográfico, do Ministerio para a Transición Ecolóxica y Reto Demográfico, de data 20/03/2025, que aproba o proxecto CONECTA RURAL, financiado con fondos procedentes do PRTR.

2. Aprobar a posta en marcha do proxecto CONECTA RURAL, código: 2025.3.81990.1,

**RPT-6654235



cuxa distribución temporal de ingresos/gastos é a seguinte:

ACHEGAS	TOTAL	2025
FNGEU	750.000,00 €	750.000,00 €
Deputación da Coruña	0,00 €	0,00 €
TOTAL	750.000,00 €	750.000,00 €

3. Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución.

35.- Aprobación da corrección de erros no Acordo Plenario de data 05/05/2025 polo que se aprobou a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Promoción do sector audiovisual galego e consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia no ámbito nacional e internacional".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Emendar o erro material no Acordo Plenario número 29 de data 05/05/2025 polo que se aprobou a modificación do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Clúster Audiovisual Galego para o financiamento do proxecto "Promoción do sector audiovisual galego e consolidación da Coruña como polo audiovisual de referencia no ámbito nacional e internacional.

2º Modificar a cláusula II do convenio, que quedará redactada do seguinte xeito:

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Clúster levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	Orzamento
1. GASTOS DE PERSOAL IMPUTADO AO PROXECTO	28.800,00 €
Soldos e salarios:	21.737,64 €



1 Directora e 1 Técnica de proxecto do CLAG (94% imputación)	21.737,64 €
Seguridade Social a cargo da entidade:	7.062,36 €
1 Directora e 1 Técnica de proxecto do CLAG (94% imputación)	7.062,36 €
2. CONTRATACIÓNS EXTERNAS	166.165,30 €
Promoción do sector audiovisual galego e presenza en eventos de referencia nacional e internacional:	69.478,00 €
Congreso Internacional de Animación, VFX, VP e Nuevos Media, Mundos Digitales 2024	50.000,00 €
Congreso Internacional de Animación, VFX, VP e Nuevos Media, Mundos Digitales 2025	5.000,00 €
IBERSERIES 2025	8.500,00 €
I+P, Ideas para Producir 2024	5.978,00 €
Desenvolvemento Imaxe Corporativa CEI	10.904,30 €
Elaboración de elementos/ pezas audiovisuais para a promoción e difusión plató virtual VpxR Vídeo promocional e pezas audiovisuais	39.800,00 €
Asesoramento técnico para o deseño de accións de promoción: Contratación de profesionais independentes para o deseño das accións de promoción	19.500,00 €
Formación en produción virtual (2 edicións curso Producción Virtual/10 alumnos/a por edición). Honorarios docentes	26.483,00 €
3. PUBLICIDADE E PROPAGANDA	51.500,00 €
Comunicacións e insercións publicitarias para evento Marché du Film 2025	14.000,00 €
Comunicación e insercións publicitarias para evento San Sebastián Internacional Film Festival 2025	12.000,00 €
Comunicación e insercións publicitarias para evento MIPCOM 2025	14.000,00 €
Presencia en medios en campaña de publicidade transversal e cobertura en notas de prensa: Mundos Digitales 2025, Iberseries 2025, Shooting Locations Marketplace 2025, Focus Londres 2025	10.000,00 €
Publicidade impresa no programa Iberseries 2025	1.500,00 €
4. DESPRAZAMENTOS	5.335,25 €
I+P Ideas para Producir 2024	5.335,25 €
5. OUTROS GASTOS FINANCEIROS	3.000,00 €
Constitución de fianza, aval ou garantía anticipo axuda	3.000,00 €
6. ARRENDAMENTOS	0,00 €
Alugueiro do espazo no Festival Internacional de San Sebastián	0,00 €
7. GASTOS CORRENTES	20.085,00 €
Comunicacións e subministracións	20.085,00 €
ORZAMENTO	274.885,55 €



36.- Aprobación da corrección de erros no Acordo Plenario de data 27/06/2025 polo que se aprobou a formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol para o financiamento do proxecto "Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down Ferrol".

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Emendar os erros materiais no Acordo Plenario número 26 de data 27/06/2025, polo que se aprobou a formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol para o financiamento do proxecto "Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down Ferrol", no marco do Plan de Emprego Local, PEL.

2º Modificar o punto segundo do dito Acordo Plenario e a cláusula III do convenio, que quedarán redactados do seguinte xeito:

“ 2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación Síndrome de Down “Teima” de Ferrol, para o financiamento do proxecto “Sostibilidade do servizo de formación sociolaboral e emprego de Teima Down Ferrol”, no marco do Plan de Emprego Local, cun orzamento subvencionado de 39.823,33€, o que supón un coeficiente de financiamento do 34,9286%.”

“ III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.823,33€**, o que representa unha porcentaxe do **34,9286%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 34,9286% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada, resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN “TEIMA” DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.”

37.- Aprobación técnica do proxecto Mellora da seguridade vial DP 3607 Valón a San Jorge, dende o punto quilométrico 4+ 200 ao 5+000(Ferrol) incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- APROBAR TÉCNICAMENTE o proxecto Mellora da Seguridade Viaria na estrada DP-3607 Valón a San Jorge Punto Quilométrico. 4+200 a Punto Quilométrico 5+000. FERROL) Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2025 cun orzamento total de 681.915,88 euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	MUNICIPIO	ORZAMENTO	EXPROPIACION
2025.1110.0007.0	Mellora da Seguridade Viaria na estrada DP-3607 Valón a San Jorge Punto Quilométrico. 4+200 a Punto Quilométrico 5+000.	FERROL	681.915,88	55.591,85 €

2.- INICIAR OS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN dos bens e dereitos necesarios



para a execución da obra anteriormente referenciada, ascendendo o orzamento da expropiación e bens afectados á cantidade de 55.591,85 €.

3.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de DEZ DÍAS a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

38.- Aprobación do proxecto TERMINACIÓN DP 2302 Hospital a Brens, punto quilométrico 2+100 ao punto quilométrico 5+890. Mellora da estrada (Dumbría).

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- APROBAR o proxecto TERMINACIÓN da mellora da seguridade viaria na DP 2302 Hospital a Brens, P. Q.. 2+100 ao P .Q. 5+890. (DUMBRÍA) incluído no Plan de investimentos Provinciais 2019 , cun orzamento total de 1.695.417,32 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

Aplicación Orzamentaria	Código	Denominación	Concello	Prazo de execución	Orzamento
0410/4531/60900	2019.1110.0009.2	Terminación da mellora da seguridade viaria na DP 2302 Hospital a Brens, P. Q.. 2+100 ao P .Q. 5+890.	Dumbría	8 meses	1.695.417,32 €

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- CONDICIONAR a contratación á autorización de Augas de Galicia.



ACTUACIÓN DE CONTROL:

Sr. Presidente

Pasamos a actuación de control. Mocións non existen. Rogos, preguntas?

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Tenía dos ruegos dirigidos a doña Mónica y un ruego dirigido al señor Leira, relativos a Vías y Obras. Uno es relativo a Cerceda. La Diputación Provincial aprobó en su momento, en 2017, un proyecto de acondicionamiento del acceso a la estación de Cerceda en la DP-2402, proyecto de pavimentación y de construcción de aceras, proyecto cuyo contrato de ejecución se firmó en abril de 2018.

Iniciadas las obras, ya se advirtieron los problemas que las mismas iban a causar, debido fundamentalmente a que la rasante de la carretera subió de cota en relación con el acceso a las viviendas, sin que la Diputación atendiera a las advertencias de los vecinos o escuchara un poco las cuestiones que les afectaban para acceso a sus viviendas. El resultado final era y es inasumible, con independencia de que las obras se dieran por recibidas en el año 2020, aceras en mal estado, materias de obra a la vista, problemas de acceso a las viviendas, escorrentías... Esa es la imagen de una obra importante de esta Diputación Provincial en una vía provincial. No tiene lógica haber destinado cientos de miles de euros para un resultado como el que he comentado.

A la vista de ello, le rogamos que tome la iniciativa de visitar la zona, hablar con los vecinos, que sé que se han puesto en contacto con ustedes. Y ya no es una cuestión de hablar solo a través del Ayuntamiento, porque el titular de la vía no es el Ayuntamiento, es la Diputación, es una vía provincial. Entonces, yo sé que hay unos vecinos que se ponen de forma reiterada en contacto con ustedes. Por favor, escúchenles, escúchenles y a lo mejor habría que hacer alguna cuestión. Y, relativo a eso, pues nos encontramos esta noticia en *La Voz de Galicia* ayer; en otro sitio, que es La Peregrina. Para evitar que suceda en La Peregrina, en la parroquia de Santiago, algo similar a lo que está pasando aquí. Es decir, podemos leer la noticia en *La Voz de Galicia*, que lo resume perfectamente. Parece ser que tienen hoy un encuentro con los vecinos. Por favor, escúchenles. Yo he pasado por la obra. Sé que la obra ha tenido varias dificultades, dos proyectos modificados. La verdad es que no se avanza en esa... Ahora sí hay bastante gente trabajando estos últimos días, pero durante un mes apenas hubo nadie. Pero la cuestión ya no es solo el tiempo en que se vaya a ejecutar, que también, porque tenía que estar finalizada en el mes de julio, y no lo va a estar. La cuestión no es esa. La cuestión es que, una vez que esté finalizada, por favor, que no queden los accesos a las casas en mal estado, que no entre agua en las viviendas, que la gente pueda tener una



vida quizás mejor de la que tenía cuando tenía una ilusión tremenda por una obra fundamental para mayor seguridad en esta zona de Santiago de Compostela.

Yo les pido que escuchen a los vecinos y que entiendan que para ellos es muy importante esta cuestión. Han esperado tanto por esta obra, una obra en la que todos nos implicamos, ustedes, evidentemente, siendo Gobierno, más que nosotros, que fuimos propositivos con este tema, y no vaya a ser que, al final, la imagen de esta casa quede deteriorada después de haber hecho un esfuerzo económico tan importante como es este. Entonces, les pido que escuchen a los vecinos, a sus representantes y que viajen *in situ* y lo vean, porque realmente es espantosa la situación en que está a día de hoy esta infraestructura.

Y, relativo al señor Leira, el 17 y 18 de mayo se celebró un Campeonato de España Infantil de Natación. Usted, lo he visto, participó en la presentación del mismo y participó también en la entrega de trofeos. Es decir, de alguna manera, había un compromiso por parte de esta casa —entiendo yo— de colaborar para financiar los gastos a mayores de los que le ha dado la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de La Coruña, que ha cumplido con esta federación.

No sé el compromiso que tienen ustedes, a mí me han hablado de una cantidad, como yo no puedo acreditar que eso sea cierto o no. Lo que sí sé es que usted participó en la presentación de la prueba y en la entrega de trofeos y lo que le pido es que, si hay un compromiso por su parte como institución, es un compromiso de todos nosotros, aunque usted sea Gobierno y nosotros oposición. Por favor, ayúdenles en lo posible porque, si no, el quebranto económico difícilmente lo van a poder superar.

Nada más y gracias.

Sr. Leira Piñeiro

Si, bo día a todos e a todas. Si, é verdade, é certo que eu participei nesa celebración durante ese fin de semana, e participo como participo alí onde se me invita. E, loxicamente, eu fun alí porque me invita a federación e alí acudín. É certo que previamente a federación tivo contactos comigo para ver a posibilidade de axudarlles nese evento, non puxemos ningún problema, o que lles pedimos é que nos notificasen unha petición, non o fixeron, e o que fixeron foi poñerse en contacto despois de que pasara o evento, o cal complica calquera tipo de colaboración. En calquera caso, eu sempre estou aberto a colaborar cos clubs, con federacións e co que estime oportuno, pero a vida foi esta.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moi bo día. Moitas grazas, señor presidente.

Ben, vou dar resposta a estes rogos. Mire, no primeiro, se me permite, vou



coñecer o problema de primeira man, porque non o coñezo. Dende logo en Vías e Obras, que a min me compete, non teño constancia, pero non teña dúbida de que me poñerei en contacto de inmediato co concello, sen dúbida, co seu alcalde, e dende logo faremos unha visita para falar con eses veciños.

E polo punto número 2, pois dicirlle que unha vez máis, e ademais vou dicir que hoxe o xefe do servizo, Antonio Grueiro está, ás 10 temos unha reunión cos veciños, non por este rogo, que o descoñecía totalmente. E podo dicirlle que persoalmente, acompañado dos técnicos, dirección de obra e do xefe do servizo, á Peregrina puiden ir moitas veces, moitas. Os veciños foron escoitados, é certo que houbo varias cuestións técnicas e que intentamos solucionarlas, son coñecedora de que agora hai varios, creo que son 4 entradas puntuais que lles imos buscar solucións, porque ademais son cuestións, pois eu creo que de pequeniños detalles que con toda a vontade que hai dende a dirección de obra, dende a empresa, e dende a propia Deputación, se van corrixir, pero dicir que ademais, coa asociación de veciños alí da Peregrina, tivemos varios no seu centro social a pé de obra e visitando eses problemas ou desas preocupacións, para poder adecentar e corrixir, pois dicirlle que estivemos en todo momento atendéndoos, como así é a nosa obriga, e o seguiremos facendo. Agora, creo que faltan eses detallíños dunhas entradas, e hoxe mesmo ás 10 estaba alí a dirección e o xefe de servizo. E sobre os prazos, pois, ben, recoñecer que hai un atraso. Como ben dicía vostede, é un segundo proxecto e, ben, estamos intentando poder facelo o antes posible. Pero, dende logo, nunca sen escoitar e atender os veciños, como así debe ser. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi ben, moitas grazas.

Ai, si, vamos un por un. Carlos.

Sr. Martínez Carrillo

Ola, bos días; grazas, presidente. Bueno, simplemente para aproveitar este momento para agradecer, en primeiro lugar, a todo o persoal desta casa, tanto desde os de Seguridade, cando entramos aquí, como a Intervención, Secretaría, en xeral, a todo o persoal, como digo, desta casa, porque o seu trato comigo sempre foi exquisito e creo que é de ben nados ser agradecidos. Igualmente, a todos os compañeiros, deputados e deputadas desta casa, empezando polo presidente, polo vicepresidente e, por suposto, a todos os compañeiros do meu grupo e a Evaristo, o meu portavoz, pola confianza que tivo en Vedra, e nesta persoa para poder representar a non só os veciños de Vedra, senón a todo aquilo en que puidemos beneficiar os veciños de toda a provincia. Pois, como digo, agradecerlle a confianza posta en min para ese labor. E, por suposto, tamén ao persoal do grupo, do meu grupo, que sempre estiveron aí para botar unha man en todo o que precisamos.

Para min foi un privilexio e un orgullo compartir este tempo e esta bancada con

**RPT-6654235



todos vós. A verdade é que o voso trato, de todos e de todas, foi sempre exquisito comigo. Sempre que precisei de todos vós, botástesme unha man no que podíades; non a min, senón aos veciños de Vedra.

E, por último, seguiremos véndonos, por suposto. Sabedes que Vedra é a vosa casa tamén e espero que veñades todos a visitarnos e que chamedes. Cando esteades por alí, tedes o meu teléfono, oe, chamade, que seredes todos benvidos e esperamos que desfrutedes de todo o que vos podemos ofrecer alá.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas, Carlos. Ímoste botar de menos. Ímoste botar de menos, sobre todo en Carnaval.

Roberto.

Sr. Rey Martínez

Eu vou facer... as palabras de Carlos vounas facer miñas, porque imos ser redundantes. Pero agradecer a todos, igual que fixo Carlos, persoal, deputados, ao Grupo do Partido Popular, a amabilidade e a atención que nos prestastes sempre. Para mi foi un honor tamén representar os veciños de Frades, aquí na Corporación da Deputación provincial. E calquera día que veñades polo meu concello seredes benvidos. E que sigades traballando polos concellos pequenos, que son os que máis falta necesitamos. Moitas grazas a todos.

Sr. Pérez Fernández

Moi boas. Bueno, para min foi unha honra que o primeiro deputado do Concello de Vilasantar fose eu. Agardo que non pasen tantos anos para que o meu pobo poida contar outra vez cun deputado. Moitísimas grazas a todos os grupos políticos. Moitísimas grazas pola confianza depositada en min, Evaristo. E a Deputación pode facer máis cousas?, si. Fai algunhas boas?, bastantes. Desde o meu punto de vista, era bo sacar unha convocatoria para concellos menores de 2.000 habitantes. Vilasantar ten 1.200 habitantes, nada ten que ver cunha cidade grande, nin sequera cun pobo de 4.000 habitantes. E nada máis. Moitísimas grazas. Voltaremos sendo goberno. Moitísimas grazas.

Sr. Presidente

Non che vou aplaudir por iso. Que saibas que o Concello das Somozas propúxonos por rexistro sacar unha convocatoria para concellos de menos de 1.000 habitantes.

Si.



Sr. López Varela

Eu únome ás palabras dos meus compañeiros. A verdade é que, para min, foi un pracer unha vez máis representar o partido xudicial de Carballo, representar o Concello da Laracha na Deputación. E, ben, quero dicir que me uno totalmente ao que dixeron os meus compañeiros que tamén abandonan a Deputación. E, sobre todo, desexarlles moita sorte aos novos que nos van substituír. Por iso, dicir moitas grazas. As portas do Concello da Laracha están abertas para calquera visita de órganos de goberno da Deputación provincial que nos queiran visitar. E nada máis. Moita sorte, que a sorte do Goberno será a sorte para os concellos da provincia.

Sra. Novo Gómez

Ben, súpome aos agradecementos dos meus compañeiros, pero si que quero facer o meu, persoalmente, a todo o persoal técnico desta casa e ao persoal político pola boa acollida que tivemos durante estes dous anos. Mostrar, un pouco como fixo Fernando, o agradecemento por ser a primeira deputada do Concello de Boimorto. Sabedes todos, porque creo que o coñecedes todos un pouquiño, aínda que só sexa polo Festival da Luz, alí onde vos esperamos este ano como moitos anos, un concello rural e pequeno e onde vimos o funcionamento da Deputación. E moitísimas grazas, que aquí estamos, e grazas tamén a Evaristo por confiar tamén en nós, en min e en Boimorto. Moitísimas grazas e benvidos cando queirades.

Sra. Méndez Vilela

Quero sumarme ás mensaxes de agradecemento que están a mostrar os meus compañeiros. Foi un pracer, moitas grazas a todos.

Sr. Ben Otero

Esta es una muestra, lo siento, no quiero... de la grandeza que tiene el Partido Popular, que permite que un hombre con experiencia ninguna de gobierno, como soy yo, pero que pueda ser portavoz y compañero de unas personas de las que he aprendido, aprendo y seguiré aprendiendo, que son nuestros alcaldes y a los que debemos todo en el partido, y espero que María, aunque la compañera de Moeche no esté de acuerdo, pronto sea alcaldesa del Partido Popular allí. Muchas gracias a todos por vuestro trabajo, ánimo, y aquí es vuestra casa, como ya sabéis. Gracias por todo.

Sr. Presidente

Vaia festa do PP esta, (...). Aínda dades traballo, eh.

Simplemente, en nome desta casa, agradecervos sempre o talante, o saber estar, a todos e cada un de vós, e pódovos dicir coa cabeza ben alta, porque representastes os vosos concellos, pero tamén tivestes sempre a cordura de achegar e de apoiar aqueles avances e cousas boas que saíron desta casa nestes últimos anos. Por tanto, de todo



corazón, moitísimas grazas por achegar unha parte pequena desta longa historia que ten esta casa. Moitísimas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 09:50 horas.